



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores María Dolores Candedo Gunturiz, Julio Abalde Alonso e Manuel-Reyes García Hurtado.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa de que o 22 de decembro terá lugar na Cidade da Cultura un Consello Galego de Universidades, entre cuxos puntos destaca a proposta de autorización da implantación de dúas novas titulacións (tradución e publicidade) no CESUGA. O reitor anuncia o seu voto desfavorable a este punto, porque entende que as titulacións que ofertan as universidades públicas (en concreto, a Universidade de Vigo) atenden suficientemente a demanda existente na nosa comunidade autónoma.

A seguir, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da publicación da convocatoria de recursos humanos (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Técnicos de Apoio) do MINECO, da publicación da convocatoria de axudas para contratos predoutorais da Xunta de Galicia, dos acordos do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento sobre a autorización do depósito da tese de doutoramento e sobre as teses suxeitas a protección de datos e sobre a previsión de convocatorias de axudas á investigación da UDC e de consolidación e agrupacións estratéxicas da Xunta de Galicia. Finalmente o vice-reitor dá conta da adxudicación das licitacións das tres liñas de innovación do proxecto A-TEMPO, que foron presentadas en rolda de prensa o día 17 de decembro no campus de Esteiro.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa, en primeiro lugar, das imputacións producidas ao exercicio corrente desde o último Consello de Goberno.



En segundo lugar, informa das reunións preparatorias para elaborar o próximo PFSUG 2016-2020, cuxa negociación se desenvolverá nos vindeiros meses. Polo momento, estase a obter a información precisa para avaliar os resultados da aplicación do PFSUG 2011-2015.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa do resultado da consulta realizada pola Xunta ao Ministerio de Facenda sobre as posibilidades legais de contratación interina do profesorado que remata os contratos de axudante doutor. O informe do Ministerio de Facenda considera que só cabe a figura de profesorado interino de substitución a tempo completo, mais non a de contratado doutor interino, pois isto suporía a creación de prazas estruturais, que se someten ás limitacións legais das taxas de reposición de efectivos.

A **vice-reitora de Estudantes, Cultura e Deporte** informa da implantación da ferramenta OJS (Open Journal System) para a xestión integral das revistas do Servizo de Publicacións. O sentido desta transformación é poder aplicar indexadores axeitados para ampliar o número de citas por artigo da nosa produción científica. Estase a desenvolver formación específica ao PAS sobre este asunto.

O **secretario xeral** pasa a informar de catro puntos.

En primeiro lugar, informa de que o pasado 17 de decembro foi publicada no DOG a modificación do Regulamento da sede electrónica, que se aprobou no pasado Consello de Goberno.

En segundo lugar, sinala que nin o Grupo Parlamentario Popular nin a Xunta aceptaron ningunha das alegacións presentadas o pasado 14 de novembro fronte ás leis de orzamentos da CAG para 2015 e a lei de medidas fiscais e administrativas (lei de acompañamento), que foron xa aprobadas polo Parlamento galego.

No entanto, sinala que se produciron algúns cambios nos preceptos alegados. Así, aínda que non se acolleu a nosa petición de que a transferencia das cantidades se fixese no mes de xaneiro, deuse unha nova redacción á disposición adicional décimo sexta no seu punto sexto, precisando a contía do incremento das transferencias do fondo incondicionado:

“Seis. As universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións



precisas para aplicar a recuperación da supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012, co contido e alcance sinalado nas alíneas anteriores. Para os citados efectos, as transferencias do fondo incondicionado do sistema universitario de Galicia incrementaranse nun 10,10 por cento dos importes reducidos a cada entidade por aplicación da disposición adicional quinta da Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria”.

Non se admitiu a emenda á disposición adicional primeira da lei de acompañamento, relativa á contratación do persoal investigador. Un precepto importante, que prevé o desenvolvemento das modalidades contractuais establecidas no artigo 20 da Lei 14/2011, en especial no que atinxe ás súas retribucións máximas e á contratación laboral ordinaria (ET). A novidade é que a súa autorización e duración se supeditan “*ás previsións que as leis anuais de orzamentos determinen*”, o que habilita a que as leis de orzamentos poidan establecer trámites autorizantes singulares a estas contratacións por parte da Xunta de Galicia, non só para os OPI, senón tamén para as universidades.

En terceiro lugar, e a piques de que remate o proceso electoral en curso, o secretario xeral informa dos aspectos máis salientables deste.

Dos 202 posibles procesos, houbo 48 procesos electorais en que foi preciso efectuar votación. En 2010 foron 60 os procesos que precisaron votos para elixir os/as representantes.

No Claustro Universitario non houbo votación para o sector do PAS, xa que se presentaron por primeira vez na historia da UDC menos candidaturas que postos para cubrir, todas da mesma agrupación electoral, agás un independente.

As porcentaxes de participación no Claustro foron as seguintes:

- Profesorado doutor con vinculación permanente: 73,9%
- Restantes categorías do PDI: 54,1%
- Estudantes: 9,2%

A baixada de participación dos estudantes verbo do ano 2010 (10%) pode deberse a distintos factores, como por exemplo o feito de que non vota o sector dos estudantes de doutoramento.



Hai que destacar tamén que a representación feminina aumenta un 9% no Claustro (en 2010 foi do 37% e en 2006 do 27%), mentres que agora é do 46,1%. Isto pon de manifesto os resultados positivos das medidas adoptadas en 2011 no Regulamento electoral xeral para impulsar a paridade de xénero.

Dos 303 claustrais que como número máximo sinalan a LOU e os nosos Estatutos, temos unha representación total de 275 claustrais (co cal, o quórum do claustro queda fixado en 92, un terzo, e a maioría absoluta en 138 claustrais). As porcentaxes de representación son:

Sector A: 146 (53,1%)

Sector B: 28 (10,2%)

Sector C (estudantado): 76 (27,6%)

Sector D (PAS): 25 (9,1%)

O secretario xeral valora positivamente o desenvolvemento da votación electrónica. Non houbo incidencias salientables que atrancasen ou impedisen o exercicio do dereito a voto. A maior parte das incidencias aclaráronse con información telefónica fornecida desde a Secretaría Xeral.

Por último, sinala que ás 14:00 h do día anterior á votación, catro profesores presentaron perante o reitor un escrito de impugnación da convocatoria de eleccións, con solicitude de suspensión cautelar. Os motivos en que se fundaba o escrito xiraban arredor da falta de información e da falta de confiabilidade da aplicación informática. A Secretaría Xeral informou puntualmente do escrito á Comisión Electoral Central o mesmo día da súa presentación. A contestación en dereito á impugnación será realizada nos vindeiros días pola Secretaría Xeral.

En cuarto lugar, informa de que o pasado día 2 de decembro, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística adoptou diversos acordos destinados a aumentar a presenza do galego na docencia e investigación universitarias. Entre eles, destaca a presentación de dúas alegacións dirixidas aos organismos do Ministerio que xestionan os procesos de acreditación nacional do PDI e de avaliación da actividade investigadora. Estas alegacións estarán dispoñibles na documentación deste Consello de Goberno.

O secretario remata a súa intervención desexando a todos unhas boas festas e unhas produtivas vacacións de Nadal.



O **xerente** dá conta, en primeiro lugar, da aprobación con data do 15 de decembro actual do *Procedemento administrativo para a xustificación das incorporacións de créditos do orzamento de gastos de 2014 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2015*, que respecto de anteriores instrucións análogas modifica o calendario de tramitación das incorporacións para priorizar as correspondentes a fondos finalistas de investigación.

Informa tamén de que no DOG de hoxe, 19 de decembro, se publica o nomeamento como funcionario de carreira do persoal laboral fixo da UDC que superou a segunda convocatoria de funcionarización aprobada por Resolución da Xerencia do 27 de xuño de 2014.

Deste xeito, e en execución do Acordo de funcionarización subscrito o 13 de xullo de 2012, na primeira fase deste proceso tomou posesión como persoal funcionario un total de 192 traballadores laborais e na segunda farano 44 traballadores, de forma que o persoal laboral fixo da UDC tras esta segunda convocatoria será unicamente de 22 efectivos.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de novembro

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de novembro do 2014.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión nun convenio marco (1), sete convenios específicos (7), e vinte e oito convenios para prácticas (28) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

O secretario aproveita o último Consello do ano para facer balance do traballo da Oficina de Convenios neste 2014. Tramitáronse un total de 890 convenios: 37 convenios marco, 129 específicos e 724 para prácticas. Un resultado moi notable, tendo en conta que só hai unha persoa na Oficina de Convenios, a quen o secretario agradece o seu traballo.



A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Aprobación, se proceder, dos proxectos de orzamento e Plano Operativo Anual (POA) para o exercicio 2015

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, quen expón, en primeiro lugar, o contexto do orzamento para o ano 2015: plan plurianual dos anos 2014-2015, aprobado polo Claustro en decembro do 2013; remate do PFSUG 2011-2015; indicadores macroeconómicos positivos no conxunto da Comunidade Autónoma, pero sen que repercutan nunha maior previsión de gasto autonómico nas universidades.

En segundo lugar, repasa as distintas previsións de ingresos e gastos para o ano 2015, tanto en capítulos correntes como de investimentos. O orzamento sitúase nos 116,2 millóns de euros, o que supón un incremento do orzamento do 1,1%, o primeiro desde o ano 2009. Os ingresos revelan a insuficiencia do financiamento público estable, mentres que nos gastos destacan o esforzo para reducir o gasto corrente e tamén os resultados do esforzo destinado a acrecentar os fondos destinados á execución de proxectos de I+D+I.

Sobre a documentación orixinal, a vicerreitora solicita introducir unha modificación puntual nos créditos destinados á Facultade de Enfermaría e Podoloxía, de modo que se minore en 5000 € a partida de biblioteca (628.00), e se incremente correlativamente en 5000 € a partida doutros gastos correntes (221.99).

Logo da intervención da vicerreitora ábrese unha quenda de intervencións.

Rosa Meijide congratúlase de que os orzamentos sexan positivos por vez primeira desde 2009. Centra a súa pregunta sobre o persoal como obxectivo estratéxico: se a redución dos efectivos do PDI foi forte, mentres que non houbo redución do PAS, como se pode manter a prioridade de manter os efectivos de persoal no ámbito da docencia e a investigación?

Luis Castedo, en primeiro lugar, dálle os parabéns á vicerreitora pola súa presentación, que lle pareceu clara e sintética, se ben tería agradecido que se remitisen as transparencias do power point da vicerreitora. Comenta o carácter conxuntural do crecemento de ingresos (a devolución da paga extra, os fondos de I+D+I). Pregunta se se esgotaron xa os remanentes non executados para cadrar o orzamento corrente. Sobre o tema de persoal,



pregunta se o gasto está axustado ao máximo do teito de gasto legalmente autorizado; máis en concreto, se están recollidos os fondos para utilizar a taxa de reposición do 50% que se incorporará na lei de orzamentos do Estado para 2015. Bota en falta unha maior precisión sobre os investimentos destinados ás obras pendentes no campus. No ámbito da I+D+I, chámalle a atención que 2,4 millóns de euros son de procedencia nacional, fronte aos 13 millóns de procedencia autonómica. Comenta tamén a redución dos fondos propios destinados á investigación (de 870 000 a 840 000 €), con que non está de acordo. No financiamento do CITIC consta un ingreso de 350 000, pero só se aplican 200 000. 150 000 € de custos indirectos parécenlle excesivos e discriminatorios.

Anxo Calvo retoma algunhas ideas sobre os orzamentos que tivo ocasión de expor na Comisión de Asuntos Económicos. O orzamento ten claros e escuros. Ao seu xuízo, o ingreso corrente segue sen cubrir o gasto corrente, o cal supón un problema estrutural de financiamento que atribúe á insuficiencia das transferencias correntes da Xunta de Galicia. Considera que isto debería ser unha prioridade de cara á negociación do vindeiro PFSUG 2016-2020. En cambio, o aforro neto mellora; tamén mellora a capacidade de autofinanciamento, case nun 20%, grazas á captación de recursos de investigación polos nosos grupos. Tamén sinala a importancia do crecemento dos custos indirectos no capítulo III de ingresos correntes, que compensan a problemática caída dos ingresos correntes por prezos públicos de matrícula. Trátase dun orzamento con déficit, aínda que menor que o dos outros anos (1,5 millóns de euros, o cal sinala unha senda de corrección ou redución). Este déficit segue a financiarse cos remanentes non afectados de tesouraría, neste caso do exercicio 2013, que poñen de manifesto a nosa capacidade de aforro ou contención do gasto. O profesor Calvo suxire que se poña en valor esta boa xestión perante a Xunta de Galicia, buscando indicadores que premien esta xestión orzamentaria prudente nun contexto tan adverso.

Xosé Manuel Portela, en representación do PAS laboral, di que a RPT deste colectivo é de 2005. Desde entón este sector non tivo unha nova RPT. Este colectivo funcionárase recentemente, contribuíndo con iso a un aforro de 500 000 €, que considera que repercutiu no PDI, non no PAS. O PAS sofre intrusismo profesional do PDI no seu ámbito propio. Pregunta se se vai proceder na UDC a suprimir departamentos, tal e como se fai na USC. Anuncia o seu voto negativo ao orzamento, por supor un orzamento continuísta co de 2013, en que se reduciu a acción social. Tamén vota en contra porque hai unha partida de gratificacións de horas extraordinarias do



PDI, e non do PAS. Por último, considera que a UDC debe ser máis belixerante contra os gobernos autonómico e estatal.

Ernesto Vázquez-Rey Farto fai fincapé en que se trata dun orzamento positivo, para ser un servizo público que financia precariamente a Xunta de Galicia. Considera que é un orzamento positivo para os estudantes, porque se manteñen as bolsas de estudantes, e se vai acometer unha reivindicación histórica dos estudantes: a residencia pública na Coruña, na mesma liña que se fixo para Ferrol.

Tras as anteriores intervencións, a vicerreitora comeza a súa réplica comentando as prioridades da política persoal (manter os cadros de persoal de PDI e PAS), dentro das limitacións legais existentes. A taxa de reposición, que vai ser do 50%, está prevista xa no capítulo I, aínda que non poderá ser probablemente máis de seis ou sete efectivos. Comenta outros aspectos suscitados polos intervenientes. Sinala que se produce un aumento da acción social respecto do ano 2014, como consecuencia das negociacións cos representantes dos traballadores.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia aclara a cuestión da axuda da Xunta de Galicia ao CITIC (350 000 €). Desta cantidade, resérvanse os 150 000 € para gastos correntes, que son moitos, e para persoal específico. Polo que entende que non cabe falar de ningunha discriminación.

Nona Inés Vilariño anuncia a súa abstención para non prexulgar o seu voto no Consello Social, pero congratúlase pola situación saneada da UDC nesta situación tan desfavorable.

Tras o anterior debate, e co voto en contra de Xosé Portela e Nuria Vieira, e a abstención de Nona Inés Vilariño e Sonia Rodríguez Beltrán, apróbanse o POA e orzamento para o exercicio 2015, que se incorporan como **anexo IV** á presente acta.

5. Proposta de acordo do Consello de Goberno, pola que se solicita ao Consello Social a aceptación da doazón dun cadro retrato de María Casares a favor da Universidade da Coruña

O reitor cédelle a a palabra ao secretario xeral, que resume a proposta de doazón realizada por Francisco Pillado Mayor.

Á proposta inicial, o secretario xeral solicita engadir unha frase no antecedente terceiro, de modo que onde di “O doante impón a carga da



afectación permanente do cadro á Biblioteca-arquivo teatral “Francisco Pillado”, debe engadirse “*sen prexuízo da súa exposición nos espazos destinados á biblioteca da Facultade de Filoloxía*”.

Sen producirse intervencións, apróbase a proposta, que se incorpora á documentación como **Anexo V**.

6. Aprobación das propostas de premios extraordinarios de grao, arquitectura, arquitectura técnica, enxeñaría, enxeñaría técnica, diplomatura e licenciatura 2013-2014

En substitución do vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, toma a palabra o secretario xeral para explicar que se trata de elevar a acordo as propostas de premios extraordinarios elaboradas polas correspondentes comisións.

Ao non haber intervencións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **Anexo VI**.

7. Aprobación do calendario de programas de doutoramento (novos ou modificación dos existentes) para a súa implantación no curso 2016/2017

Toma a palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia. A proposta foi tratada pola comisión permanente da EIDUDC, tratando de que sexa común co calendario das outras dúas universidades.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

8. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado para o curso académico 2014/2015

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita a aprobación do Consello de Goberno da convocatoria das prazas que figuran no anexo.

Trátase de cinco prazas de profesor axudante doutor, por promoción de prazas anteriores de profesor axudante nas áreas de proxectos arquitectónicos (2), organización de empresas, enxeñaría telemática e urbanística e ordenación do territorio. Todas contan con autorización da Xunta de Galicia.



E finalmente, unha praza de profesor asociado PO3 para a Área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, convocada por incompatibilidade dun profesor asociado PO5 (D. José Antonio Serante Barbeito). Tamén conta con autorización da Xunta de Galicia.

Intervén o profesor Miguel Muñoz para lamentar que unha das prazas que non saen a concurso é a da Área de Filosofía Moral, integrada no seu departamento, por falta de autorización da Xunta de Galicia. Esta falta de autorización deixará fóra unha doutora con capacidade profesional recoñecida. Agradece a sensibilidade mostrada pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, e agarda que no futuro se poida seguir contando con esta profesora.

Apróbase por asentimento o acordo e incorpórase á acta como **Anexo VIII**

9. Proposta de autorización de venias docentes

Continúa coa palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita autorización para a concesión de venia docente ao profesor Carlos Rodríguez Carro, para impartir docencia no curso 2014/2015 na Escola Universitaria de Turismo nas materias de TFG e Xestión Pública do Turismo. Conta cos informes preceptivos favorables do Departamento de Humanidades e de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración.

Sen producirse intervencións, apróbase por asentimento a autorización e incorpórase ao **Anexo IX**.

10. Proposta de delegación na COAP da autorización das venias docentes

Continúa o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente no uso da palabra, que propón a delegación na COAP da autorización das venias docentes que traian o informe favorable dos departamentos correspondentes e a denegación das que contén con informe desfavorable.

Apróbase por asentimento a delegación.



11. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións prodúcense as seguintes.

Moisés Canle apunta dúas queixas, unha sobre o empeoramento do servizo de limpeza do seu centro e outra sobre o servizo de mantemento do equipamento científico. Sobre a negociación do plan de financiamento, considera que a política de prudencia á hora de solicitar “ramones y cajales” e outras figuras está desincentivada, cando se premia os que solicitan este tipo de figuras incorrendo en débeda. Comenta tamén a política de axuda ás empresas e a subcontratación dos grupos de investigación polas empresas.

Manuel Casteleiro comenta os problemas xerados pola carga de datos do SUXI de cara á avaliación da ANEP. Considera que o PDI non o pode facer. Debe haber axuda administrativa, porque o PDI dilixente está ao límite das súas forzas.

José Manuel Sobrino redunda no tema do SUXI, desde a perspectiva dos institutos universitarios. Está preocupado polos grupos adscritos aos institutos, polo que demanda formación para o PAS adscrito aos institutos universitarios. Tamén traslada o seu malestar sobre a campaña de “información” contra a universidade que están a dedicar grandes medios de comunicación nas últimas semanas e meses. Información sempre nesgada contra a universidade.

Sonia Souto Camba solicita tamén aclaración sobre o papel das UADI na xestión do SUXI.

Luis Castedo traslada a súa preocupación porque quedaran postos sen cubrir nos procesos electorais. Tamén comenta que a aplicación era pouco amigable. Entende que non se deberían separar os xéneros na papeleta de votación. En terceiro lugar, refírese aos problemas do SUXI. Considera que o CV normalizado do Ministerio é un fracaso, polo que opina que non deberíamos apostar por este formato. É practicamente imposible ter un formato normalizado para toda a comunidade científica, polo que solicita que se reconsidere a política respecto do SUXI.

Ernesto Vazquez-Rey Farto valora o tema da participación das eleccións. Considera que a baixada de participación dos estudantes pode derivarse de causas diversas. Pregunta á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura



cando se vai incorporar máis material corporativo á tenda virtual, especialmente de cara aos agasallos de Nadal.

Xosé Manuel Portela critica que se liquide igual a devolución da extra do persoal laboral que a do persoal funcionario. Solicita reunión co xerente para aclarar o asunto.

En quenda de réplica, sobre o SUXI, o vicerreitor de Investigación e Transferencia considera que esta ferramenta foi creada hai xa tempo entre as tres universidades (CIXUG) e estanos dando aínda pouco servizo, fronte ás outras dúas universidades. Lembra as mensaxes do 23 de xullo ao PDI e do 16 de xullo ao PAS, en que se achegaban manuais de uso da aplicación, en especial sobre a carga de datos e da validación. Ademais disto, engadíronse recentemente dúas mensaxes máis desde a Vicerreitoría, determinándose que até o 1 de febreiro, as UADI teñen que cargar datos e validar; a partir dese día, e até rematar o prazo de presentación perante a ANEP, as UADI só poderán validar, pola carga de traballo que deberán asumir. Houbo xa xornadas formativas específicas a que non puideron acudir membros dos institutos de investigación e dos centros tecnolóxicos, polo que se está a traballar para emendar esta falta de formación.

O reitor mostra tamén a súa preocupación fronte á continua campaña de descrédito das universidades públicas, que xa leva denunciando hai tempo. Sempre que ten ocasión lembra que o descrédito é o paso previo á desregulación e á privatización, e así parece ser tamén con esta nova campaña. Sinala, por último, que o gabinete de prensa da CRUE traballa de xeito coordinado con todas as universidades para dar informacións máis obxectivas sobre a realidade universitaria.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 12:04 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito